



TERRÍCOLAS IGUALIÑOS IGUALIÑAS

Por segunda vez este ano, Os Bolechas chegan aos concellos da Rede de Dinamización Lingüística (RDL) da man do programa FalaRedes.

Terrícolas igualiños igualiñas é unha actividade que a RDL pon en marcha en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Ao longo do mes de decembro, chegará a 8 concellos da Rede -Abegondo, Cerceda, A Laracha, Rois, Vilalba, Castrelo de Miño, Mos e Mondariz- e ao alumnado de 8 centros educativos -CEIP de Prácticas López Ferreiro, de Santiago; CEIP de Melide nº1; IES Francisco Daviña Rey, de Monforte; IES María Sarmiento, de Viveiro; CEIP de Prácticas da Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB, de Ourense; CEIP de Ribadavia; CEP Marcos da Portela, de Pontevedra, e CEIP Nosa Señora das Dores, de Forcarei.

A derradeira actividade do FalaRedes 2018 é un espectáculo participativo cuxa temática xira arredor dos valores que promove a Constitución Española, que o 6 de decembro de 2018 fai 40 anos. O seu obxectivo é, por unha banda, sumar a Rede de Dinamización Lingüística á celebración deste aniversario e, por outra, promover a educación cívica dos nenos e nenas para que coñezan os principios que guían a nosa lei fundamental, a que abriu a porta ao vixente Estatuto de Autonomía de Galicia e, con el, ao recoñecemento da cooficialidade do idioma galego.

Como vén sendo habitual tamén nestas propostas dos Bolechas para FalaRedes, a participación non se limita ao día do espectáculo xa que se amplía e ten continuidade a través das novas tecnoloxías, con actividades e xogos en liña (www.osbolechas.gal/terrícolas). E coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/FalaRedes.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

TERRÍCOLAS IGUALIÑOS IGUALIÑAS

DECEMBRO

- Xoves 6: **Vilalba**, no Auditorio Municipal
Carmen Estévez, ás 17:00 horas
- Venres 7: **A Laracha**, na Casa da Cultura, ás
18:00 horas
- Sábado 15: **Mondariz**, no Auditorio
Municipal, ás 17:30 horas
- Domingo 16: **Castrelo de Miño**, no Salón de
actos do Concello, ás 18:00 horas

